

RUE SAINT-ANTOINE Nº 170

RAMÓN ROZAS



MEMORIA ▶ Día de San Sebastián. Día de honras e louvanzas na Pontevedra que celebra o seu voto. Na semana en que o Museo de Pontevedra lembra a figura do inesquecible pintor, Leopoldo Nóvoa, coa inauguración dunha mostra sobre a súa obra, lembramos a concesión ao artista do premio Cidade de Pontevedra nun día como o de hoxe de 1998

O San Sebastián de Leopoldo Nóvoa

«Yo me crie en Pontevedra, viví en Raxó y cuando uno se va no sabe ni lo que deja, porque va a conquistar el mundo, cuando vuelve es cuando hace el balance y se reencuentra con sus amores y sus odios que estaban como dormidos», deste xeito falaba dende o escenario do Teatro Principal Leopoldo Nóvoa durante o acto de entrega dos premios Cidade de Pontevedra que, na súa edición de 1998, recaeron na figura do pintor de Salcedo na categoría de persoa individual e no Hospital Provincial, con ocasión do centenario do seu nacemento, no de entidades.

Arte e saúde foron as protagonistas daquel ano. Dúas cuestións que poden parecer alleas entre si pero penso que non tanto. Por exemplo, para o propio Leopoldo Nóvoa, a pintura era vida, saúde, fortaleza e o xeito de facer do mundo, dun mundo cada vez máis delirante, un espazo de convivencia un pouco mellor. O pintor nacera en Pontevedra en 1919 e cando recolleu o premio tiña uns espléndidos 79 anos, atopándose nun dos procesos máis sobranceiros da súa longa traxectoria pictórica, ao traballar na serie 'Next time the fire', un profundo exercicio creativo de dor e cinza provocado pola deriva que a humanidade estaba sufrindo co conflito dos Balcáns. Guerra, mortos e destrución no corazón desa Europa que se tiña como un modelo de convivencia fronte ao mundo. Leopoldo Nóvoa aínda viviría ata o ano 2012, cando falece en París á idade de 92 anos, unha idade na que aínda tiña as forzas e a cabeza suficiente para seguir pintando, para seguir producindo algúns dos mellores traballos que se produciron na plástica galega. Son precisamente esas pezas as que protagonizarán dende o vindeiro xoves unha ampla exposición no Museo de Pontevedra co gallo do centenario do seu nacemento. Un percorrido artístico e vital por quen tivo que marchar de Pontevedra e de Galicia polas tristes consecuencias da Guerra Civil e que dende o Cono Sur, primeiro Uruguai, logo Arxentina, configurou unhas das personalidades artísticas máis interesantes da historia da arte do

Xeografías íntimas con moitas compoñentes simbólicas que propoñen o diálogo co espectador a base da lírica emocional

século XX. Tras cruzar o Atlántico nos anos sesenta Leopoldo Nóvoa fixo de París o seu gran acubillo creativo, acompañado pola tamén artista Susana Carlson, que estivo ao seu carón ata o final dos seus días. Tamén Armenteira, onde un estudio, feito a súa imaxe e semellanza, serviu de refuxio galego para atoparse coas súas raíces e con moito dunha identidade que, pese a tantos anos fóra de Galicia e cun intenso contacto con algúns dos máis importantes intelectuais da época, nunca perdeu, e do que se gababa sempre que podía.

Así aconteceu aquel 20 de xaneiro de 1998 cando, da man do alcalde de Pontevedra, Juan Luis Pedrosa, recollía o recoñecemento da súa cidade natal co premio Cidade de Pontevedra, un acto que entendeu como «una especie de reencuentro y confirmación con mi ciudad, porque cuando uno anda por el mundo adelante necesita recordar dónde están sus orígenes». Unhas orixes que estiveron sempre presentes na vida de Leopoldo Nóvoa. Salcedo, Raxó, Pontevedra, Armenteira son espazos esenciais para quen configurou a súa pintura dende unha meditada espacialidade e unha visual ausencia de referentes que se substituían por unha fonda espiritualidade que, dende a abstracción matérica das súas pezas, era quen de xerar unhas xeografías íntimas, con moitas compoñentes simbólicas que propoñían o diálogo co espectador a base da lírica emocional que xorde dunha pintura que ten moito de poesía. Leopoldo Nóvoa referíase a súa pintura naquel día de San Sebastián como «una transfiguración con una motivación real sobre lo que pasa en el mundo y que se pueda leer fácilmente», e é que esa interpretación do mundo foi sempre unha das preocupacións do noso protagonista. Establecer dende a súa creación un fío de unión coa realidade. Cada un deses fragmentos inseridos nas súas pezas eran anacos dunha realidade que loitaba por realizarse como compoñente artística, as súas superficies baleiras espazos de análise dun exterior cheo de inquietanzas e todo iso, xunto coa descuberta e incorporación da cinza, despois do incendio do seu estudio parisino, xeraron un dos territorios artísticos máis vibrantes da arte como catalizador de emocións. As mesmas que provocará de novo o feito de atoparnos fronte a súa obra. Os fragmentos da vida de Leopoldo Nóvoa.



Leopoldo Nóvoa, o alcalde Juan Luis Pedrosa e o xerente do Hospital Provincial, Alfredo García. MIGUEL VIDAL



Leopoldo Nóvoa nun momento do seu discurso de agradecemento. MIGUEL VIDAL

Leopoldo Nóvoa 1919-2019

Baixo o comisariado de Rosario Sarmiento serán máis de 50 obras as que permitan facer un percorrido pola traxectoria de Leopoldo Nóvoa, un dos grandes referentes da arte abstracta, non só en Galicia, senón na plástica mundial da segunda metade do século XX.

Espazo, materia e luz son os elementos que configuraron unha obra que poderemos ver no Museo de Pontevedra dende o vindeiro xoves 23 ata o 26 de abril.

